

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

19208 *Real decreto 1598/2011, do 4 de novembro, polo que se establece a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Guadalquivir e polo que se modifica o Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.*

O artigo 26 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, establece que entre os órganos de goberno, administración e cooperación do organismo de bacía o Consello da Auga da demarcación é o órgano de participación e planificación.

Mediante o artigo 35 do mesmo texto refundido créase o Consello da Auga da demarcación para fomentar a información, consulta pública e participación activa na planificación hidrolóxica nas demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias.

Pola súa vez, o artigo 36 do texto refundido dispón que a composición do Consello da Auga se estableza mediante real decreto, aprobado polo Consello de Ministros, e sinala os criterios a que a dita composición se deberá axustar.

O obxecto deste real decreto é regular as funcións e atribucións e o réxime de funcionamento do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Guadalquivir e establecer a súa composición, en aplicación do artigo 36 do texto refundido da Lei de augas.

O Consello da Auga da demarcación substitúe o Consello da Auga da bacía creado pola Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

A súa regulación no texto refundido da Lei de augas introduce significativas modificacións en relación á Lei de augas de 1985 en canto ás funcións e composición, incorporando entre as novas funcións a de promover a información, consulta e participación pública no proceso planificador, e entre os novos vogais, representantes das entidades locais, dos servizos periféricos de costas, autoridades portuarias e capitanías marítimas e de asociacións e organizacións en defensa de intereses ambientais, económicos e sociais relacionados coa auga.

En canto ao número e distribución dos representantes das comunidades autónomas no Consello, a nova regulación mantén as determinacións establecidas na antiga, debendo efectuarse en función do número de comunidades autónomas da demarcación e da súa superficie e poboación incluídas nela, cun mínimo dun representante por cada comunidade autónoma. Estes criterios aplicáronse considerando a superficie e a poboación con igual ponderación e tendo, pola súa vez, en conta, en todo caso, que o número total de vogais do Consello non dificulte gravemente a súa operatividade.

No artigo 2 recóllense como funcións e atribucións do Consello da Auga da demarcación as que lle son atribuídas no texto refundido da Lei de augas, no Real decreto 606/2003, do 23 de maio, polo que se modifica o Regulamento do dominio público hidráulico, e no Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de planificación hidrolóxica, así como outras atribucións que asignaban ao Consello da Auga da bacía o Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, e a Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional.

A constitución efectiva do Consello require dun prazo para a elección e designación dos vogais, para o cal na disposición adicional primeira se establece un prazo de tres meses, período durante o cal continuará existindo e exercendo as súas competencias o Consello da Auga da bacía, segundo se establece na disposición transitoria única.

En definitiva, este real decreto adopta as decisións fundamentais mediante as cales se poida constituír este órgano na demarcación hidrográfica do Guadalquivir, para así proceder ao cumprimento das funcións e atribucións que lle outorga o texto refundido da Lei de augas e demais normativa vixente.

Por outra banda, o ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir viuse afectado polo Real decreto 1560/2005, do 23 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Andalucía en materia de recursos e aproveitamentos hidráulicos correspondentes ás bacías andaluzas vertentes ao litoral atlántico (confederacións hidrográficas do Guadalquivir e do Guadiana), ao incluír no dito traspaso as bacías dos ríos Guadalete e Barbate e as interbacías entre o límite dos termos municipais de Tarifa e Algeciras e o límite coa bacía do Guadalquivir.

Para axustar o ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir ao citado real decreto, inclúese unha disposición derradeira pola que se modifica o Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos, que, pola súa vez, fora modificado polo Real decreto 2129/2004, do 29 de outubro, para incorporar as cidades de Ceuta e Melilla ao ámbito desta confederación.

Sobre este real decreto emitiu informe favorable o Pleno do Consello Nacional da Auga, no cal participan as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. É obxecto deste real decreto a regulación da composición, estrutura e funcionamento e atribucións do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Guadalquivir, conforme o previsto no artigo 36 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo. Así mesmo, ten por obxecto a modificación do ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir, definido no Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.

2. Conforme o artigo 26.3 do texto refundido da Lei de augas, o Consello da Auga é o órgano de participación e planificación da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir.

Artigo 2. *Funcións do Consello.*

1. Correspóndenlle, con carácter xeral, ao Consello da Auga da demarcación as seguintes funcións:

- a) Promover a información, consulta e participación pública no proceso planificador.
- b) Elevar ao Goberno, a través do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, o Plan Hidrolóxico da Demarcación e as súas posteriores revisións.
- c) Emitir informe sobre as cuestións de interese xeral para a demarcación.
- d) Emitir informe sobre as cuestións relativas á protección das augas e á mellor ordenación, explotación e tutela do dominio público hidráulico ou as que lle sexan encomendadas polo presidente ou a Xunta de Goberno do organismo de bacía.

2. En relación ao proceso de planificación hidrolóxica, serán, así mesmo, funcións específicas do Consello da Auga da demarcación:

- a) Emitir informe sobre a proposta da Xunta de Goberno de proceder á revisión do Plan Hidrolóxico.

b) Emitir informe preceptivo sobre o esquema provisional de temas importantes en materia de xestión de augas previsto no artigo 79.6 do Regulamento de planificación hidrolóxica aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo.

c) Emitir informe preceptivo sobre a proposta de proxecto de plan hidrolóxico e as súas posteriores revisións con carácter previo ao seu envío ao Goberno para a súa aprobación.

d) Emitir informe sobre os plans especiais de actuación en situacións de alerta e eventual seca con carácter previo á súa aprobación.

3. Serán, así mesmo, funcións e atribucións do Consello da Auga da demarcación as seguintes:

a) Ser informado e oído previamente á declaración de sobreexplotación ou risco de sobreexplotación dos recursos hidráulicos nunha zona, con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno, e emitir informe sobre o estudo relativo á situación do acuífero que está en proceso de ser declarado sobreexplotado ou en risco de estalo. Así mesmo, emitirá informe sobre o plan de ordenación de extraccións elaborado tras a declaración de sobreexplotación.

b) Emitir informe sobre a delimitación dos perímetros de protección de acuíferos, con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno.

c) Emitir informe sobre a determinación dos perímetros de acuíferos dentro dos cales non será posible o outorgamento de novas concesións de augas subterráneas, con carácter previo á súa aprobación.

d) Emitir informe sobre a revogación das autorizacións de vertedura de augas residuais ao dominio público hidráulico, con carácter previo á súa resolución.

e) Emitir informe acerca das modificacións sobre a largura das zonas de servidume e de policía do dominio público hidráulico, con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno.

f) Calquera outra que lle veña legalmente atribuída.

Artigo 3. *Estrutura.*

1. O Consello da Auga da demarcación poderá actuar en pleno e en comisións.

2. O Pleno poderá acordar a constitución de comisións específicas para o estudo e informe dos asuntos que aquel decida encomendarlle.

3. Existirá, en todo caso, unha Comisión de Planificación Hidrolóxica e Participación Cidadá para o estudo e informe dos asuntos que o Pleno decida encomendarlle en relación coa planificación hidrolóxica e a participación cidadá, cuxa composición se establece no artigo 7 do presente real decreto.

Artigo 4. *Composición do Pleno.*

1. O Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Guadalquivir estará constituído polo presidente, dous vicepresidentes, un secretario e os vogais que se concretan no artigo seguinte.

2. Será presidente do Consello o do organismo de bacía. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, será substituído polo comisario de Augas da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir.

3. A vicepresidencia primeira corresponderá ao vogal que resulte elixido por e entre os que representen as comunidades autónomas. A vicepresidencia segunda recaerá sobre o vogal que resulte elixido por e entre os vogais representantes dos usuarios. En ambas as dúas situacións o cesamento como vogal implicará, en todo caso, o cesamento como vicepresidente.

4. Como secretario do Consello, con voz pero sen voto, actuará o secretario xeral do organismo de bacía. En caso de vacante, enfermidade ou outra causa legal, será substituído por un funcionario do organismo de bacía designado polo presidente.

5. Para cada un dos vogais do Consello poderase designar un suplente.

Artigo 5. *Distribución de vogais.*

En función dos criterios que recolle o artigo 36.1 do texto refundido da Lei de augas, serán vogais do Consello da Auga da demarcación:

- a) En representación dos departamentos ministeriais relacionados coa xestión das augas e o uso dos recursos hidráulicos, os seguintes vogais: Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, tres vogais; Industria, Turismo e Comercio, dous vogais; Fomento, dous vogais; Economía e Facenda, un vogal; Sanidade, Política Social e Igualdade, un vogal; Defensa, un vogal; Interior, dous vogais; Política Territorial e Administración Pública, un vogal; e Ciencia e Innovación, un vogal.
- b) En representación dos servizos técnicos do organismo de bacía, o comisario de Augas, o director técnico e o xefe da Oficina de Planificación Hidrolóxica; das unidades periféricas provinciais en Cádiz, Huelva e Sevilla, da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e o Mar, do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, un vogal cada unha; da Autoridade Portuaria de Sevilla, un vogal; das capitanías marítimas de Huelva e Sevilla, un vogal cada unha.
- c) En representación das comunidades autónomas, os seguintes vogais: Andalucía, catorce vogais; Castilla-La Mancha, dous vogais; Extremadura, dous vogais; e Rexión de Murcia, un vogal.
- d) En representación das entidades locais cuxo territorio coincida total ou parcialmente co da demarcación, tres vogais.
- e) En representación dos usuarios, vinte e seis vogais.
- f) En representación das asociacións e organizacións de defensa de intereses ambientais, económicos e sociais relacionadas coa auga, os seguintes vogais: asociacións agrarias, dous vogais; asociacións ecoloxistas, dous vogais; asociacións empresariais, un vogal e organizacións sindicais, un vogal.

Artigo 6. *Designación dos vogais.*

A designación de vogais do Consello da Auga da demarcación efectuarase do modo seguinte:

- a) Os vogais en representación dos departamentos ministeriais, os servizos provinciais de costas, as capitanías marítimas e autoridade portuaria serán designados polo ministerio correspondente.
- b) Os vogais en representación das comunidades autónomas serán designados polo órgano autonómico competente para o efecto.
- c) Os vogais en representación das entidades locais serán designados pola Federación Española de Municipios e Provincias, por un período de tres anos.
- d) Os vogais en representación dos usuarios serán elixidos, por un período de tres anos, entre os membros da asemblea de usuarios do organismo de bacía, polos representantes nela de cada unha das clases de aproveitamentos, respectando a proporcionalidade que existe na asemblea.
- e) Os vogais en representación das asociacións e organizacións de defensa de intereses ambientais, económicos e sociais serán designados, por un período de tres anos, pola ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, por proposta das asociacións e organizacións con maior implantación ou máis representativas na demarcación hidrográfica.
- f) Os suplentes serán designados na mesma forma que o titular.

Artigo 7. *Composición da Comisión de Planificación Hidrolóxica e Participación Cidadá.*

1. A Comisión de Planificación Hidrolóxica e Participación Cidadá estará presidida polo presidente do Consello da Auga da demarcación e integrada por vogais do dito Consello, na seguinte forma: tres representantes do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, un representante do Ministerio de Fomento, un representante do

Ministerio de Política Territorial e Administración Pública, un representante do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, un representante do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e un representante do Ministerio de Ciencia e Innovación; polas comunidades autónomas, os seguintes representantes: cinco por Andalucía, un por Castilla-La Mancha, un por Extremadura e un pola Rexión de Murcia; doce representantes dos usuarios, debendo estar representados sempre os usos de abastecemento, regadíos e usos enerxéticos; dous representantes das entidades locais cuxo territorio coincida total ou parcialmente co da demarcación e tres representantes das asociacións e organizacións de defensa de intereses ambientais, económicos e sociais relacionados coa auga, distribuídos do seguinte xeito: un representando os intereses ambientais, un os económicos e un os sociais.

2. A elección do representante de cada grupo farase entre os seus membros e por un período de tres anos; en caso de empate ou non chegar a acordo resolverá o presidente do Consello. Ademais, integraranse na Comisión o comisario de Augas, o director técnico e o xefe da Oficina de Planificación Hidrolóxica do organismo de bacía. Como secretario da Comisión actuará o xefe da Oficina de Planificación Hidrolóxica.

Artigo 8. *Réxime de funcionamento.*

1. O Consello da Auga da demarcación poderá elaborar un regulamento de réxime interior que regule o seu funcionamento, que deberá ser aprobado polo Pleno.

2. Sen prexuízo das peculiaridades previstas neste real decreto, o Consello axustará o seu funcionamento ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para o funcionamento dos órganos colexiados.

3. O Pleno do Consello reunirse cando o considere necesario o presidente e, en todo caso, polo menos unha vez ao ano.

4. Non obstante o previsto no número anterior, o presidente poderá someter un asunto determinado á consideración do Consello solicitando as observacións dos seus membros á cuestión mediante procedemento escrito, sen necesidade de que teña lugar o Pleno do Consello ou as súas comisións, por razóns de urxencia. Non poderá utilizarse este procedemento cando se trate da discusión e informe do Plan Hidrolóxico de bacía, salvo que xa se debatese con anterioridade en Pleno ou supoña modificacións non relevantes. Unha vez iniciado o dito procedemento, o Pleno do Consello ou as súas comisións deberán pronunciarse nun prazo non superior a un mes, e entenderase tramitado o mencionado trámite transcorrido o dito prazo.

5. Ás sesións das comisións do Consello da Auga da demarcación poderán asistir, cando así o acorde o presidente do Consello, funcionarios do organismo de bacía ou das administracións autonómicas implicadas, así como representantes das organizacións agrarias e de usuarios non concesionais ou outras persoas de recoñecido prestixio e experiencia en materia de augas, con voz pero sen voto, cuxa asistencia será voluntaria e sen remuneración ningunha.

6. Os asuntos que se deban someter ao Consello da Auga da demarcación serán preparados pola Xunta de Goberno do organismo de bacía.

7. En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha causa xustificada, as organizacións representativas de intereses sociais e demais membros do Consello poderán substituír os seus membros titulares por outros, acreditándoo ante a Secretaría do Consello.

Artigo 9. *Órganos de apoio.*

O órgano de apoio técnico do Consello da Auga da demarcación será a Oficina de Planificación Hidrolóxica do organismo de bacía.

Disposición adicional primeira. *Constitución do Consello da Auga da demarcación.*

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir, levará a cabo as actuacións necesarias para que o Consello da Auga da demarcación se constitúa no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Constitución da Comisión de Planificación Hidrolóxica e Participación Cidadá.*

Tras a constitución do Consello, a Comisión de Planificación Hidrolóxica e Participación Cidadá deberase constituír nun prazo non superior a un mes.

Disposición adicional terceira. *Réxime económico.*

A constitución e funcionamento do Consello da Auga da demarcación regulado neste real decreto non suporá incremento ningún do gasto público e atenderase cos recursos persoais e materiais existentes na Confederación Hidrográfica do Guadalquivir.

Disposición transitoria única. *Consello da Auga da bacía.*

Mentres non estea constituído o Consello da Auga da demarcación, continuará existindo e exercendo as súas propias funcións o Consello da Auga da bacía.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, o artigo 5 do Real decreto 926/1989, do 21 de xullo, polo que se constitúe o organismo de bacía Confederación Hidrográfica do Guadalquivir.

2. As mencións que se fagan no texto referido no número anterior ao Consello da Auga da bacía deberanse entender substituídas pola expresión «Consello da Auga da demarcación».

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.*

O número 6 do artigo 1 do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, queda redactado nos seguintes termos:

«6. Confederación Hidrográfica do Guadalquivir. -Comprende o territorio da bacía hidrográfica do río Guadalquivir, así como das bacías hidrográficas que verten ao océano Atlántico desde o límite entre os termos municipais de Palos de la Frontera e Lucena del Puerto (Torre del Loro) ata a desembocadura do Guadalquivir, ademais das cidades de Ceuta e Melilla.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO